

**8 DE MARZO**

**“Día Internacional da Muller ”**



**II CONCURSO DE DESEÑO  
“Arte-sá”**

**ORGANIZA:**

Concellería de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Comercio do Concello de  
Soutomaior  
Centro de Información á Muller



## **BASES DO II CONCURSO DE DESEÑO ARTE-SÁ.**

Co gallo da celebración do Día Internacional da Muller, 8 de Marzo de 2016, o Centro de Información á Muller, dependente da Concellería de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Comercio do Concello de Soutomaior, convoca a 2ª Edición do Concurso de Deseño artesanal

Este concurso, enmárcase dentro do III PIOM 2014-2017, , co obxectivo xeral de promover, fomentar e divulgar o traballo artesanal e artístico das mulleres.

Neste concurso as mulleres serán as encargadas de deseñar e elaborar artesanalmente a imaxe conmemorativa que protagonice a campaña municipal do 8 de Marzo, Día internacional da Muller de 2016.

### **BASES:**

#### **1º.TEMÁTICA:**

A temática do concurso é a conmemoración do Día internacional da Muller, o empoderamento das mulleres, o recoñecemento do seu papel na sociedade actual, os logros acadados en prol da igualdade e os obxectivos por cumprir. Con esta temática o obxectivo é deseñar un agasallo ou insignia conmemorativa para a celebración da campaña municipal de 2016.

#### **2º.-PARTICIPANTES:**

Poderán participar neste concurso mulleres maiores de 18 anos residentes ou non no Concello de Soutomaior.

#### **3º.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:**

Cada muller poderá presentar ata dúas pezas artesais que deberán ser inéditas e orixinais.

Os criterios de valoración centraránse:

- Calidade do traballo artesanal.
- Deseño e orixinalidade da obra presentada.
- Contido e mensaxe transmitida pola obra en relación a temática.
- Adaptación funcional á finalidade do concurso.

#### **4º.- TÉCNICA A EMPREGAR:**

A técnica artesanal a empregar é libre e os materiais diversos (coiro, fimo, fieltro, madeira, pintura, cartón, ou calquera outro ).

#### **5º.-FORMA DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS:**

As obras entregaránse en sobre ou caixa pechada. No interior da mesma, ademais, débese introducir un papel no que consten os seguintes datos:

- o Nome e apelidos da autora. DNI.
- o Título da obra e breve explicación da mesma.
- o Dirección e Teléfono de contacto.

6º.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN:

As obras entregaranse presencialmente, ou por correo, no Centro de Información á Muller do Concello de Soutomaior:

**R/ Peirao, 8 (Multiusos de Arcade)**  
**Arcade C.P. 36690 Pontevedra**  
**Teléfono e fax. 986.70.12.27**  
**e-mail: [cim@soutomaior.es](mailto:cim@soutomaior.es)**

O prazo de presentación remata o 17 de Febreiro de 2016 ás 14:00 horas. Non se admitirán obras despois desa data.

7º.- CATEGORÍA E PREMIO:

Establécese unha única categoría que incluírá a todas as persoas participantes, e un único PREMIO.

O premio está dotado con 1.000 euros, sometido a retención legal establecida. A gañadora comprométese a realizar 200 unidades artesanais que protagonizarán a campaña municipal do 8 de Marzo e que serán repartidas ese día entre as mulleres do Concello. Os gastos de realización das 200 unidades correrán a cargo da gañadora.

8º.- EXPOSICIÓN E PUBLICIDADE DAS OBRAS:

As obras estarán expostas no Multiusos de Arcade, o Domingo 6 de Marzo. As participantes disporán do prazo de UN MES, a contar dende o día 10 de marzo, para recoller a súas obras. A partir do día 10 de abril quedarán a disposición do Concello de Soutomaior.

9º.- XURADO:

O xurado que resolverá o Concurso estará integrado por:

Presidenta: A Concelleira de Muller.

Secretaria: A Directora do CIM

Vogais:

- Unha técnica do CIM.
- Dúas representantes da Asociación de Artistas da Bisbarra.
- Dúas representantes da Asociación de Mulleres Rurais.

O xurado reunirse e decidirá sobre o concurso na terceira semana de febreiro. A decisión do xurado farase pública na páxina web do concello de Soutomaior.

A decisión será inapelable.

O concurso poderá declararse deserto a decisión do xurado.

10º.- ACEPTACIÓN DAS BASES.

A participación neste concurso implica aceptar íntegramente estas bases.